Nº 11 curso 19-20

"Moito que ler, moito que ver. A biblioteca útil para a formación profesional"

BIBLIOTECA CIFP COROSO
RECOMENDACIÓNS OUTONO-INVERNO

Cando un dedo apunta á Lúa, o necio mira ao dedo

Proverbio chinés

Viaxe á Lúa. Georges Méliès. 1902

Colaboran:

EDLG
BIBLIOTECA CIFP COROSO
DPTO. INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN ACADÉMICA PROFESIONAL
DPTO. PROGRAMAS EUROPEOS

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

CIFP COROSO

Avda. Dos Estudiantes,

15960 Ribeira, A Coruña

www.edu.xunta.gal/centros/cifpcoroso

Bibliotecas escolares de Galicia

Índice de lecturas recomendadas por temáticas

Páxina

1. Mulleres na ciencia.....4

2. Lecturas pola igualdade.....5

3. Lecturas en galego 6

4. Efemérides.....8

5. Lecturas profesionais.....12

6. Aprendizaxe de linguas.....16

Unha pequena homenaxe ás mulleres loitadoras na ciencia

Margarita Salas

(Caneiru, Asturias, 1938, Madrid 2019)

Podemos decir dela que foi unha loitadora incansable pola igualdade das mulleres na ciencia. Ademáis de ser un referente no eido da bioloxía molecular, Margarita Salas era unha científica coñecida pola cidadanía, algo que nun país como o noso é case un milagro. E moito máis tratándose dunha muller.

Ademáis das actividades que desenvolveu sen parar durante os seus oitenta anos de vida, Margarita foi tamén incansable na denuncia da situación de discriminación das mulleres na ciencia. Ela mesma recoñecía que tardou en darse conta dese feito e de cómo afectara á súa propia carreira, pero unha vez que foi consciente xa non se detivo na denuncia pública desa discriminación.

Margarita Salas foi moitas cousas. Licenciada en bioquímica, estudante posdoutoral no laboratorio de Severo Ochoa en Nova York, bióloga molecular pioneira e impulsora da creación do primeiro centro de investigación nesta disciplina que se abreu en España, o que hoxe é o Centro de Bioloxía Molecular Severo Ochoa. Alí era xefa dun laboratorio dos máis produtivos do país e ao que seguía acudindo ata poucos días antes da súa morte. A investigación de toda a súa vida estivo centrada no estudo dun modesto virus que, como ela explicaba rindo, “ten un nome difícil”: o bacteriófago phi29.

O descubrimento do ADN polimerasa do virus bacteriófago phi29 permite amplificar o ADN de forma sinxela, rápida e fiable, polo que se emprega en medicina forense, oncoloxía e arqueoloxía.

Para facerse unha idea do alcance destas aplicacións basta saber que a súa primeira patente doulle ao Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), a institución onde Margarita traballou toda a súa vida, a metade dos ingresos que o CSIC recibía por todas as patentes rexistradas durante a súa vixencia.

Margarita Salas foi tamén enormemente recoñecida polos seus colegas, foi a primeira científica española que entrou na Academia das Ciencias de Estados Unidos e obtivo ao longo da súa vida innumerables premios.

En 2018 foi incluida na **Táboa Periódica das Científicas** para conmemorar no 2019 o Ano Internacional da Táboa Periódica dos Elementos Químicos por celebrarse o 150º aniversario da publicación de Mendeléyev.

A dona Margarita Salas debemoslle agradecer que abrira un camiño ao visibilizar co seu traballo a existencia de mulleres que fan ciencia; que falara da discriminación que sufreu na súa carreira e que no seu laboratorio sempre houbera estudiantes mulleres.

Curiosamente, a que en ocasións recibía o nome da “Marie Curie española”, faleceu en Madrid, á idade de 80 anos, o pasado 7 de novembro, exactamente o mesmo día que nacera a histórica científica hai 152 anos



Fonte: *https://mujeresconciencia.com/2019/01/01/la-tabla-periodica-de-las-cientificas/*

La Tabla Periódica de las Científicas de Teresa Valdés-Solís.

LECTURAS POLA IGUALDADE...

O 25 de novembro celebramos o día internacional contra a violencia de xénero. Esta é unha celebración á que debemos sumarnos tod@s. Dende o CIFP Coroso proclamamos....



A historia cóntana as vencedoras

Anna R. Figueiredo, 2019.

Este é un libro para entender dun xeito ameno e cercano a loita das mulleres por conseguir un mundo onde a igualdade sexa a norma e non a excepción.

Unha historia do feminismo que nos explica que un universo en igualdade é unha realidade boa para todas e para todos. A autora detense, tamén, no feminismo galego, vangarda, en moitos sentidos, da loita polo empoderamento da muller no resto de España.

A historia cóntana as vencedoras. E hoxe é tempo de celebrar a vitoria da igualdade.

Un desexo e un horizonte necesario

E no cine tamén

Joy

David O. Russell, 2015

Joy é a historia dunha familia a través de catro xeracións, centrada nunha nena que se convirte en muller que funda unha dinastía de negocios e nunha matriarca por pleno dereito. A traición, a

perda da inocencia e as cicatrices de amor son a base desta intensa e emocional comediahumana, acerca de cómo convertirse nunha cabeza de familia e emprender nun mundo de negocios que non perdoa. Os aliados convírtense en inemigos, e os inimigos en aliados, tanto dentro como fora da familia, mentras a determinación de Joy e a súa poderosa imaxinación a sosteñen a través da tormenta á que se enfronta.

Sufragistas

Sarah Gavron, 2015

O movemento sufraxista naceu en Inglaterra en vísperas da Primeira Guerra Mundial. A maioría das sufraxistas non procedían das clases altas, ao contrario, eran maioritariamente obreiras que vían impotentes cómo as súas pacíficas protestas non servían para nada. O seguinte paso foi a radicalización e, na súa incansable loita por conseguir a igualdade, arriscáronse a perdelo todo: o seu traballo, a súa casa, os seus fillos e a súa vida. A protagonista é Maud (Carey Mulligan), unha muller que reivindicou denodadamente a dignidade das mulleres.

LECTURAS EN GALEGO...

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Sen piedade

Pedro Feijoo, 2018

Podería contar moitas cousas daqueles dous días. Pero supoño que agora o único que importa é que Gordo era o meu mellor amigo, e que eu estaba fodido coma nunca. Porque ela xa non quería saber nada de min. E eu queríaa, maldita sexa, queríaa. Por riba das cidades, por riba das autoestradas, por riba do mar e das estrelas, eu estaba tolo por ela... Pero agora non parecía disposta a escoitarme. E Gordo comprendeuno. «Neno, o que ti necesitas é unha boa festa», dixera. E así foi como decidimos tomar prestado o coche do vello, un impresionante Dodge Charger do 68, e botarnos á estrada nunha viaxe feroz. A tumba aberta. Sen coidado nin precaución, sen tregua, sen límites. Sen piedade.



O corazón de xúpiter

Ledicia Costas, 2012

Non foi doado para Isla mudar de cidade e empezar de cero nun novo instituto. Devecía por dar un paseo polo espazo, avistando planetas a través do telescopio, mergullada no ventre do universo. Casiopea, o nome da tartaruga máxica de Momo, era o nick que empregaba nos foros sobre astronomía nos que participaba adoito. Alí coñeceu a Xúpiter, alguén que semellaba saber moito de estrelas. As longas conversas até ben entrada a madrugada prenderan unha luz, entre os dous existía unha maxia que traspasaba as fronteiras do ciberespazo. Isla sentiu a necesidade de sabelo todo sobre Xúpiter: onde vivía, a que instituto ía, o seu nome real Quedaron para se coñecer nunha noite de San Xoán de cacharelas e mar embravecido. Foi entón, despois de despedirse da súa amiga Mar, cando Isla se precipitou na escuridade. A súa vida estaba a piques de cambiar para sempre.

En GALEGO, tamén...

A viaxe de Gagarin

Agustín Fernández Paz, 2014



Doce de abril de 1961: o cosmonauta Iuri Gagarin convértese no primeiro ser humano en viaxar ao espazo exterior. Comezaba a era espacial, e tamén unha década que traería grandes cambios. Cincuenta anos despois, Miguel Mendiguren, un home na fronteira dos sesenta anos, mentres vela os días derradeiros da súa nai nun cuarto de hospital, lembra a proeza do cosmonauta ruso. Daquela el tiña dez anos e gañara un concurso escolar de redacción cun traballo sobre esa primeira viaxe espacial. A raíz diso, os outros nenos pasan a chamarlle Gagarin, un sobrenome que o acompañará durante toda a súa infancia e adolescencia.Mentres se apaga a vida da nai, Miguel lembra os seus anos mozos, na Coruña da década dos sesenta. Os seus rexentan unha imprenta e unha libraría de barrio, aparentan ser unha familia coma as outras. Mais esconden perigosos segredos que Miguel irá desvelando a medida que se abre á complexidade da vida. Unha vida na España desa época, coa ditadura de Franco e a represión das liberdades máis básicas, coa ameaza permanente da Brigada Político Social, a policía secreta do Réxime. E tamén coa oposición clandestina, barreira imprescindible contra a barbarie. Naquel tempo de mocidade, Miguel tamén experimenta a revolución interior que supón namorarse. O arrebato da paixón e a dor da ausencia, nunha relación marcada polas diferenzas de clase. Emocionante historia de amor, engaiolante novela de formación e da memoria, A viaxe de Gagarin confirma a Agustín Fernández Paz como mestre da narrativa do noso tempo.

Da terra á Lúa

Jules Verne, 1865

A fabulosa imaxinación do autor introduce nun proxectil a tres tripulantes —Barnicane, Nicholl e M. Ardane— impulsados por un canón xigante. Así, os militares do Baltimore Gun Club, aburridos pola paz do mundo, proxectan unha nave espacial para convertir á Lúa nun novo Estado dos EEUU. Tres estadounidenses e un francés son lanzados ao espazo, pero a causa dun erro só consiguen voar arredor dela, sen chegar a alunizar.

Jules Verne continuou este tema na súa obra “Arredor da lúa” publicada no ano 1870.



... 50 anos

O ser humano pisaba a Lúa . A misión espacial tripulada que tiña como obxectivo que un ser humano camiñara sobre a superficie da Lúa bautizouse co nome de Apolo 11. Esta misión enviouse ao espazo o16 de xullo de 1969, chegando á superficie do noso satélite ao día seguinte do seu lanzamento. O Apolo 11 foi impulsado por un cohete Saturno V e lanzado dende o complexo de cabo Kennedy, situado en Florida (EE.UU.). Esta misión considérase como un dos momentos máis significativos da historia da Humanidade e a tecnoloxía.

A tripulación do Apolo 11 formábase polo comandante da misión, Neil Armstrong, de 38 anos; Edwin (Buzz) Aldrin Jr., de 39 anos, que foi o piloto do denominado LEM (Módulo de Excursión Lunar), e Michael Collins, de 38 anos, que era o piloto do módulo de mando.

A denominación das naves, privilexio do comandante, foi Eagle para o módulo lunar e Columbia para o módulo de mando.

Así, o comandante Armstrong foi o primeiro ser humano que puxo un pé sobre a superficie do satélite terrestre o 20 de xullo de 1969, ao sur do Mar da Tranquilidade (Mare Tranquilitatis), seis horas e media despois de ter alunizado. Os primeiros minutos deste fito histórico retransmitíronse a todo o planeta dende as instalacións da estación Honeysuckle Creek, cercana a Canberra (Australia), empregándose o sinal do Observatorio Parkes, situado tamén en Australia, para retransmitir o resto do paseo na Lúa. Ninguén quería perderse o acontecemento, e as imaxes en vivo son seguidas en televisión, segundo cálculos oficiais, por uns 600 millóns de persoas e nos meses consecutivos o impacto político, mediático e social foi enorme. A tripulación do Apolo 11 estivo sometida a unha apretada axenda de recepcións, desfiles, entrevistas e protocolo de Estado.

O noso país forma tamén parte desta aventura, pois as instalacións do MDSCC (Madrid Deep Space Communications Complex, ou Complexo de Comunicacións co Espazo Profundo) ubicadas en Robledo de Chavela (Madrid), pertencentes á Rede do Espazo Profundo, serviron de apoio durante toda a viaxe de ida e volta.

O 24 de xullo, os tres astronautas lograron unha perfecta amerizaxe en augas do océano Pacífico, poñendo fin á misión.

82 anos nacía…

Valentina Vladímirovna Tereshkova en Máslennikovo, unha pequeña aldea ao norte de Moscú, na entonces Unión Soviética e actual Rusia o 6 de marzo de 1937.

Filla dun tractorista e dunha traballadora da industria téxtil. Tivo unha infancia difícil que inclueu abandono escolar e un traballo temporal nunha fábrica de neumáticos, pero máis tarde estudiaría enxeñeiría. É no ano 1962 cando resulta seleccionada para o seu ingreso no corpo feminino de cosmonautas.

A capacitación de Tereshkova inclueu vós de ingravidez, probas de illamento, probas en centrifugador, teoría de cohetes, naves espaciais de enxeñería, 120 saltos en paracaídas e formación de pilotos en avións de combate.

En Tereshkova viñeron a confluir dúas "primeiras veces": non só foi a primeira muller en voar ao espazo, senón que tamén foi a primeira persoa civil en facelo, pois para poder unirse ao Corpo de Cosmonautas foi admitida honorariamente na Forza Aérea Soviética.

A misión despegaba a bordo do Vostok 6 (na imaxe) o 16 de xuño de 1963.

Este era unha misión conxunta coa nave Vostok 5, pilotada por Valeri Bikovski. Durante a misión realizáronse investigacións médico-biolóxicas e validáronse e analizáronse asuntos relativos ao desenvolvemento dos sistemas das naves. Tamén foi durante esta misión que o problema da alimentación dos cosmonautas foi resolto satisfactoriamente.

Tereshkova, que para a viaxe empregou o alias de *chaika* (gavota en ruso) empezou a misión dun xeito excelente, todas as operacións as fixo correctamente, pero xa na órbita terrestre, Tereshkova non pudo orientar a nave correctamente debido a un fallo no sistema. Serguéi Koroliov, director do programa espacial soviético, amosou o seu descontento con Tereshkova e non lle permiteu tomar o control manual da nave, tal e como estaba planeado. O equipo de control modificó o sistema (que estaba erróneamente programado para que a nave se alonxase da Terra, no lugar de acercarse) e Tereshkova pudo regresar tras tres días orbitando e finalizando a misión con éxito. A pesar dos vómitos e incomodidades que sufreu, Tereshkova pudo aguantar 48 voltas arrededor da Terra, mantivo o caderno de bitácoa e tomou fotografías do horizonte que logo axudaron a descubrir os aerosoles atmosféricos.

Aínda que estaban previstos máis vós nos que participaran mulleres, pasaron 19 anos ata que outra muller, Svetlana Savítskaya, viaxara ao espazo.



O filme Figuras ocultas veu a rescatar do esquecemento o importantísimo labor levado a cabo por tres mulleres, traballadoras da NASA, e cuxo brillante traballo quedou na sombra por un único motivo: ser mulleres. Coñecidas como "as computadoras humanas", Katherine Johnson, Dorothy Vaughan e Mary Jackson, elaboraron os complicados cálculos que permitiron lanzar aos cohetes ao espazo.

Foron moitas as que fixeron posible a conquista do espazo, e foron os prexuizos polo xénero os que impediron que foran elas quen pisara por vez primeira o chan da Lúa. Ata a chegada ao noso satélite, os estadounidenses estiveron sempre por detrás dos soviéticos nos maiores logros da carreira espacial, pero desaproveitaron a ocasión de ser os primeiros en poñer á primeira muller en órbita.

A finais dos 50, o médico aeroespacial Randy Lovelace, encargado de deseñar as durísimas probas que debían superar os aspirantes a astronauta, tiña a convicción de que as mulleres contaban cunhas condicións vantaxosas fronte aos varóns. Este convencimento levouno a montar un proxecto paralelo en segredo: o Mercury 13, composto polas mellores aviadoras do país, entre as que estaba Jerrie Cobb, que obtivo unha nota global en todas as probas que superaba ao 98 % dos candidatos masculinos.

Pero Jerrie Cobb quedou en terra, porque, en canto a NASA o coñeceu, ordeou cancelar o proxecto.

Outra "figura oculta" foi Margaret Hamilton, que en 1965 era a responsable do desenvolvemento do sofware de vó a bordo das computadoras da misión Apolo. Un dos seus maiores logros foi o programa que deseñou para priorizar as funcións imprescindibles e que evitou o desastre durante a alunizaxe do Apolo 11.

Canto sabes ti desta aventura?

Todos cremos coñecer ben a historia da chegada do ser humano á Lúa. Tes aquí un reto para tí. Atréveste?

Fonte: National Geographic España (https://www.nationalgeographic.com.es/llegada-del-hombre-a-la-luna/verdadero-o-falso-cuanto-sabes-llegada-hombre-a-luna_14475/1)

Verdadeiro ou falso? Comproba canto sabes sobre este fito da Historia da Humanidade

1.-A primeira misión que alcanzou a Lúa chegou ao Mar da Serenidade

2.-Exactamente, o ser Humano chegou á Lúa o 20 de xullo de 1.969 ás 20:18 UTC

3.-A icónica imaxe da pegada do primeiro paso sobre a Lúa corresponde ao pé de Armstrong

4.-En realidade, o ser humano non chegou á Lúa e as imaxes que temos foron rodadas polo cineasta Stanley Kubrick

5.-600 millóns de persoas viron por televisión, en directo, a chegada á Lúa de 1.969.

6.-Os astronautas volveron á Terra caendo no océano Atlántico, cerca da costa Este de Estados Unidos.

7.-A viaxe de ida e volta, a misión completa, durou en total un pouco máis de 21 días.

8.-Os astronautas do Apolo 11 deixaron unha placa conmemorativa que decía: "Aquí homes do planeta Terra puxeron por primeira vez un pé na Lúa en xullo de 1969. Viñemos en son de paz representando a toda a humanidade".

9.-O ser humano non volveu pisar a Lúa dende 1.969

10.-A misión Apolo 13 non chegou á Lúa porque nunca se lanzou, ao decirse na NASA que era un número que traía mala sorte, polo que se saltaron esta cifra.

11.-Armstrong volveu á Lúa coa misión Apolo 17

12.-A NASA enviará á primeira muller á Lúa en 2.024

O emblema do Apolo 11 contén un detalle curioso que é, de feito, un erro. O emblema mostra unha Terra sobre o horizonte luar que se ve iluminada polo seu lado dereito, mentras que a arquitectura da misión implicaba que a Terra se vería iluminada na súa parte superior dende o lugar no que alunizaría a misión. Un detalle que non deixa de ser anecdótico, aínda que resulta curioso que fora pasado por alto.

Solucións

1.-Falso. Non, a primeira misión en chegar á Lúa posouse ao sur do Mar da Tranquilidade.
2.-Verdadeiro. O módulo Eagle da misión Apolo 11 posouse na Lúa o 20 de xullo de 1,969 ás 20:18 Coordinated Universal Time (UTC)
3.-Falso. Un erro moi común é pensar que se trata da pegada de Armstrong, pero en realidade é a marca deixada pola bota do seu compañeiro Buzz Aldrin. De feito é parte dun experimento para estudar as características do polvo luar. Con esta simple foto comprobouse que este polvo se compacta doadamente co peso dos astronautas, o que deixa unha impresión superficial pero clara das botas, típico dun material moi fino e seco.
4.-Falso. Kubrick non realizou ningún documental. Este é un dos argumentos conspiranoicos máis empregados por quen pensa que realmente non chegamos á Lúa
5.-Verdadeiro. Ninguén quería perderse o fito do século. Segundo os cálculos oficiais uns 600 millóns de persoas estaban pegadas ao televisor cando Armstrong pisou a Lúa por primeira vez na historia.
6.-Falso. O 24 de xullo, Collins, Aldrin e Armstrong lograron unha perfecta amerizaxe en augas do Océano Pacífico, poñendo fin á misión e pasando a un periodo de cuarentena.
7.-Falso. Exactamente a misión durou 195 horas, 18 minutos e 35 segundos, é decir, pouco máis de 8 días.
8.-Verdadeiro. Así é. Se puderas viaxar á Lúa alí a atoparías, no Mar da Tranquilidade
9.-Falso. En total outras 5 misións chegaron a alunizar, o que supón que, en total, 12 persoas teñen sido as afortunadas que lograron posar os seus pés sobre a superficie lunar
10.-Falso. É certo que a misión Apolo 13 non chegou a tocar a Lúa, pero foi por un motivo completamente distinto. Un problema tras o despegue obrigou aos astronautas que viaxaban cara o noso satélite natural a enxeñárseas para conseguir volver á Terra sans e salvos.
11.-Falso. Neil Armstrong non volveu a pisar a Lúa nin a viaxar ao espazo nas seguintes misións.
12.-Verdadeiro. A axencia espacial norteamericana ten pensado regresar á Lúa en 2.024 e na tripulación haberá, cando menos, unha muller, segundo informou recentemente.

designed by freepik

Lecturas profesionais: Unha pequena mostra das lecturas técnicas dispoñibles na biblioteca.

Departamento de Automoción



Vehículos eléctricos e híbridos

Joan Antoni Ros Marín e óscar Barrera Doblado, 2017

Esta obra recopila e desenvolve as diferentes técnicas e tecnoloxías que se aplican actualmente nos vehículos eléctricos e híbridos, e se tratan dende un punto de vista teórico-práctico e se explican con claridade e de xeito sinxelo, polo que o manual resulta útil para un amplo abano de persoas interesadas na materia: dende estudantes e docentes de módulos profesionais ou graos técnicos ata profesionais do sector e particulares que desexan coñecer este fascinante eido do sector da automoción.



Gestión del taller, márketing, cálculos (para el sector de la automoción)

Alberto Castro Labandeira; Pablo Castro Otero, 2016

Este manual é útil e práctico para todo o sector da automoción. Expóñense conceptos xerais sobre seguridade no taller de automóbil, equipos de protección, protección contra incendios, primeiros auxilios, etc. e contén un resumo dos programas de AUTOXUGA para unha mellor xestión en todo taller do automóvil. O éxito dun taller depende da eficacia e rapidez con que se adapte aos cambios do seu contorno, tales como necesidades dos consumidores, accións dos competidores e fluctuacións económicas dos clientes. O libro contén moitas imaxes para aclarar conceptos e para ser máis útil ao profesional. Permite ademáis facer prácticas reais e efectivas por ordenador conectándose a recursos informáticos proporcionados polos autores do libro en Internet para acadar unha interactividade entre o manual, os recursos informáticos e o profesional,

Lecturas profesionais: Unha pequena mostra das lecturas técnicas dispoñibles na biblioteca.

Departamento de Instalación e Mantemento



Cuaderno de actividades sobre averías en el frio industrial y aire acondicionado

Juan Gonzalez Murcia, 2014

Caderno cunha selección de exercicios prácticos de interese para quen esté a cursar ciclos de instalación e mantemento.

Outros libros do mesmo autor son Mantenimiento en frío comercial, Controles en el frío comercial, industrial y aire acondicionado, Recuperacion de calor y bomba

Montaje y mantenimiento de instalaciones frigoríficas industriales

Francisco J. Enríquez Santos, 2017

O técnico frigorista é un dos profesionais máis valorados na actualidade. A montaxe e o mantemento das instalacións frigoríficas industriales requiren coñecementos multidisciplinares en tecnoloxías tales como electricidade, electrónica, mecánica, fluidos e termotecnia. Os profesionais tamén deben coñecer e aplicar as normativas de calidade, seguridade e medio ambiente. Este libro pretende servir como unha completa guía dirixida principalmente aos estudantes do ciclo formativo Técnico en Instalacións Frigoríficas e de Climatización, aínda que tamén será moi útil para todos aqueles profesionais do sector da refrixeración. O desenvolvemento dos contidos acompáñase dunha serie de recursos didácticos, tales como glosarios, actividades e numerosos esquemas e ilustracións, que facilitan o aproveitamiento por parte do estudante.

Lecturas profesionais: Unha pequena mostra das lecturas técnicas dispoñibles na biblioteca.

Departamento de Industrias Alimentarias



La ciencia de las golosinas.

W.P.Eduards, 2002

Neste libro poderemos atopar dende os conceptos básicos ata os diferentes elementos e ingredientes que se empregan na elaboración das lambetadas (emulxentes, colorantes e aroma, azúcar vítreo, en gránulos), dende o proceso para elaboralos ata os diferentes produtos que se poden obter: graxeas, toffees e caramelos (duros e brandos), gomas de mascar, pastillas, tabletas e comprimidos, produtos xelificados, aireados, espumas e regaliz. Tamén hai espazo para a confeitería sen azucre, para facer experimentos e ofrécenos unha prospectiva do futuro que nos agarda na industria das lambetadas



Enciclopedia del chocolate

Frederic Bau, 2015

Un compendio de saber facer, froito das formacións que se imparten na École du Grand Chocolat. Revélanse as técnicas de traballo do chocolate empregando unha linguaxe clara, precisa e comprensible e para o público en xeral. Todos os métodos se explican a través de fotografías paso a paso para realizar con éxito as distintas elaboracións.

Cos segredos dos mellores chefs pasteleiros e as súas receitas emblemáticas: Christophe Michalak (Plaza Athénée), Gilles Marchal (Maison du Chocolat), Christophe Adam (Fauchon), Jean-Paul Hévin, Christophe Felder, Frédéric Cassel, Éric Léautey...

Leches y yogures vegetales hechos en casa

Anne Brunner, 2009

Por qué volver ao "feito na casa"? O "feito na casa" volve a estar de moda, xa se trate de roupa, decoración ou cociña, pero ¿qué se agocha tras este fenómeno? Sí, na casa poden elaborarse leites, cremas, iogures e queixos vexetais, sen ter que recorrer a utensilios especiais. Adiante! Déixate guiar por emocións aventuras culinarias saudables, ecolóxicas, económicas e divertidas para toda a familia. Paso a paso propóñense 50 receitas innovadoras, saborosas e sinxelas de realizar na casa.

Lecturas profesionais: Unha pequena mostra das lecturas técnicas dispoñibles na biblioteca.

Departamento de Electricidade

Programación de controladores avanzados SIMATIC S7 1500

Luis Peciña Belmonte, 2018

Na era da dixitalización e da Industria 4.0, os controladores industriais, a dixitalización, a integración e a nube son conceptos fundamentais. O controlador que se estuda neste libro, o actual S7 1500 de SIEMENS, aposta forte pola Industria 4.0 e lidera a iniciativa desta nova aventura. A grande experiencia como profesor do autor, de máis de 30 anos, fai deste texto un manual eminentemente práctico. De forma guiada, o libro avanza dende o simple ao complexo -con explicacións claras e sinxelas- e inclúe: a programación dos controladores de S7 1500 na linguaxe AWL e SCL.

É un libro de grande utilidade para quen queira iniciarse no coñecemento da programación dos autómatas e tamén para aqueles que, tendo xa coñecementos de autómatas, queiran evolucionar cara un futuro no que, sen lugar a dúbidas, estará o PLC 1500 de SIEMENS. Asimesmo, é un manual axeitado, en xeral, para tod@ técnic@ interesad@ nos autómatas programables. Se queres estar ao día e preparad@ para o futuro comeza cos controladores S7 1500 de SIEMENS!

Autómatas programables

Vicenç Guerrero e Ramón Yuste, 2017

Moitos dos procesos automatizados actuais baséanse no control mediante automatas programables e, por elo, é preciso empezar a entender como funcionan estos dispositivos. Un dos obxetivos deste libro é ofrecer un sistema para aprender a programar ditos dispositivos de modo totalmente práctico.

Trátase dun libro totalmente práctico, composto por oito unidades que van dende o máis básico ata a utilización de operacións aritmeticas, pasando por exemplos baseados en temporizadores, contadores, flancos, entre outros. Cada tema inclúe a resolucion de exercicios aplicando o deseño en Grafcet.

Os exercicios, tanto os resoltos como os propostos, aplícanse sobre un proceso industrial que inclúe cilindros, motores, balizas de sinalización, visualizadores numéricos, pulsadores e selectores de control, todo elo recollido nun Simulador 3D que se inclúe.

Para poder traballar cos exercicios resoltos e propostos é preciso ter instalado o software de programación para autómatas Siemens, chamado TIA Portal, que pode descargar gratuitamente na súa versión trial na web https://support.industry.siemens.com.

APRENDIZAXE DE LINGUAS

Aquí atoparedes as propostas do Departamento de Programas Europeos

Best American Pies

No exemplar nº 408 atoparemos a listaxe das máis recoñecidas e saborosas *american pies*: mazá, cabazo, couchos de pecán
Para ir ensaiando, aquí tedes os ingredientes que serán precisos para unha pumpkin pie.

Country houses

O éxito da serie Downton Abbey, convertida en película, espertou en todo o mundo o interese pola vida da aristocracia (e das persoas que traballaban ao seu servizo) nas casas de campo británicas. Atoparalo no exemplar nº 409

@prendizaxe con distintos materiais

The clown prince of crime

Para varias xeraxións de aficionados ao cómic, Batman simboliza a valentía e a xustiza. Pero non menos influínte ten sido o Joker, supermalvado de risa maléfica e axente do caos, protagonista agora da súa propia película e interpretado por Joaquin Phoenix.

Toda a información no exemplar nº 410.

Run the five boroughs

A maratón de New York , máis que unha carreira dunha interminbable 26.2 millas, trátase dunha festa popular, na que atletas e afeccionados de todo o mundo acoden para percorrer os cinco distritos de NY, animados por un público que se volca para celebrar a diversidade.
No exemplar nº 411

E para ver...

As derradeiras incorporacións á nosa colección de filmes. Unha estupenda forma de aprender inglés: diversión e entretemento á nosa disposición.